



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

05 JUN. 2024 14:44:21

Entrada **28613**

## Sobre a aplicación de coeficientes redutores da idade de xubilación ao sector do comercio de peixe

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á aplicación de coeficientes redutores da idade de xubilación ao sector do comercio minorista de peixe e produtos do mar.**

O sector das peixarías está a reclamar que se lle recoñezan e apliquen coeficientes redutores da idade de xubilación e que se equiparen as súas condicións de traballo ao doutros colectivos do sector mar-industria.

As persoas traballadoras neste ámbito desempeñan tarefas que requiren un importante esforzo físico polas tarefas de carga e descarga, xornadas laborais longas de pé, e a utilización de instrumentos cortantes e punzantes que adoitan causar accidentes como amputacións. De feito, calculan desde o sector que un 87% dos accidentes se producen no lugar de traballo e adoitan incrementarse a partir dos 50 anos. Tamén manipulan xeo e traballan con cámaras frigoríficas, soportando baixas temperaturas e humidade, ademais de padecer uns horarios e xornadas extenuantes.

Polo tanto, no seu traballo concorren circunstancias que poden cualificarse de penosas, perigosas ou insalubres que terían perfecto encaixe no artigo 206 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, que permite acceder á xubilación anticipada por eses motivos.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

05 JUN. 2024 14:44:21

Entrada **28613**



O sector do comercio retalista de peixe tamén pon de manifesto a falta de substitución xeracional e o envellecemento do sector, cuestión que podería paliarse de permitirse a xubilación anticipada.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:**

1. Coñece o Ministerio de Seguridade Social a demanda do sector minorista de comercio de peixe de aplicación de coeficientes redutores da idade de xubilación polas súas condicións de traballo penosas do mesmo xeito que xa se aplican neste momento a outras persoas traballadoras do mar como mariñeiros, mariscadoras ou redeiras?
2. Que posición ten o Ministerio ante esta reclamación?
3. Estudará os factores de especial penosidade que se dan nas actividades do sector do comercio minorista de peixe?
4. Incluirá ao comercio de peixe minorista dentro dos sectores en que se aplican coeficientes redutores aproveitando a próxima revisión anunciada do Real Decreto en que se regula esta materia?

Madrid, a 5 de xuño de 2024

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**



## **A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la aplicación de coeficientes reductores de la edad de jubilación al sector del comercio minorista de pescado y productos del mar.**

El sector de las pescaderías está reclamando que se le reconozcan y apliquen coeficientes reductores de la edad de jubilación y que se equiparen sus condiciones de trabajo al de otros colectivos del sector mar-industria.

Las personas trabajadoras en este ámbito desempeñan tareas que requieren un importante esfuerzo físico por las tareas de carga y descarga, jornadas laborales largas de pie, y la utilización de instrumentos cortantes y punzantes que suelen causar accidentes como amputaciones. De hecho, calculan desde el sector que un 87% de los accidentes se producen en el lugar de trabajo y suelen incrementarse a partir de los 50 años. También manipulan hielo y trabajan con cámaras frigoríficas, soportando bajas temperaturas y humedad, además de padecer unos horarios y jornadas extenuantes.

Por lo tanto, en su trabajo concurren circunstancias que pueden calificarse de penosas, peligrosas o insalubres que tendrían perfecto encaje en el artículo 206 del Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley General de la Seguridad Social, que permite acceder a la jubilación anticipada por esos motivos.



El sector del comercio minorista de pescado también pone de manifiesto la falta de relevo generacional y el envejecimiento del sector, cuestión que podría paliarse de permitirse la jubilación anticipada.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:**

1. Conoce el Ministerio de Seguridad Social la demanda del sector minorista de comercio de pescado de aplicación de coeficientes reductores de la edad de jubilación por sus condiciones de trabajo penosas al igual que ya se aplican en este momento a otras personas trabajadoras del mar cómo marineros, mariscadoras o rederas?
2. Que posición tiene el Ministerio ante esta reclamación?
3. Estudiará los factores de especial penosidad que se dan en las actividades del sector del comercio minorista de pescado?
4. Incluirá al comercio de pescado minorista dentro de los sectores en que se aplican coeficientes reductores aprovechando la próxima revisión anunciada del Real Decreto en que se regula esta materia?

Madrid, a 5 de junio de 2024

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**